

Os Séculos Escuros e a Ilustración

1. Que características definen os Séculos Escuros? (parágrafo de introdución, 3 parágrafos explicativos: dependencia política, situación socioeconómica e demografía)

Os SSEE son un período histórico que abrangue os séculos XVI e XVII e que se caracteriza polo estado de postración e marxinación social do idioma galego, á raíz da imposición do castelán, e pola ausencia case total de literatura culta escrita na nosa lingua.

A situación política caracterizouse polo dominio castelán e a represión de calquera descontento social por parte dos poderes casteláns. Canto á situación socioeconómica, esta etapa caracterízase por ter Galicia un sistema rendista, onde os campesiños traballan as terras da nobreza e da Igrexa a quen teñen que pagar os foros (en calidade de aluguer). Este sistema fainos totalmente dependentes da produción agraria.

Debido á superpoboación, entre os séculos XVI e XVII prodúcese un regueiro constante de emigrantes a Andalucía, Portugal e Castela para o desempeño dos oficios máis duros e malpagados.

2. Que causas históricas determinaron o principio dos SSEE? (1 parágrafo enumerativo)

A victoria de Isabel a Católica na loita dinástica contra Xoana a Beltranexa levou a unha segunda substitución nobiliaria o que provocou que, desde finais do século XV as clases dirixentes (tanto a nobreza como os altos cargos da administración, a xustiza e a Igrexa) en Galicia fosen de orixe castelá, sumisas a un poder centralizado.

3. Que tipo de prexuízos sobre os galegos se forxan neste período? A que se deberon? (1 parágrafo enumerativo + 1 parágrafo explicativo)

O resto da Península ten unha imaxe do galego como un pobo mísero, atrasado, inculto e carente de virtudes, e de Galicia como unha terra inhóspita e fea.

Isto foi consecuencia tanto da nova orde política, marcada pola dominación e marxinación do que fora o anterior Reino de Galicia; como socioeconómica, debido a que será unha época de especial pobreza da rexión que combinado coa superpoboación levará a moitos galegos e galegas a emigrar como temporeros na agricultura ou ás cortes de Madrid e Lisboa onde aceptan os traballos máis baixos.

4. Como era a situación do uso oral e escrito da lingua galega

neste período? Todas as persoas podían falar e escribir en castelán? (2 parágrafos explicativos: lingua oral e lingua escrita, distribución social dos falantes de cada lingua)

Debido a ruptura da homoxeneidade lingüística (monolingüismo en galego) e a paulatina imposición do castelán, o galego pasou a ser usado só oralmente, entre outras razóns porque se convertiu na lingua das clases máis baixas sen acceso á lingua escrita.

Nesta época o galego era falado polo 90%/95% da poboación, mentres que o castelán era falado pola nobreza e pola xerarquía eclesiástica e militar.

Por outra banda na escrita o galego desapareceu por completo durante a primeira metade do século XVI. O castelán en cambio era utilizado no ámbito civil, isto facía que se necesitasen intérpretes a hora de ler documentos oficiais.

5. Cales foron as consecuencias desta situación lingüística? (5 parágrafos explicativos)

As principais consecuencias teñen que ver coa dispersión xeográfica da poboación que fala galego e a ausencia dun modelo culto de lingua fixado na escrita que free un proceso cada vez máis forte de dialectalización e castelanización. Así, ademais desta fragmentación dialectal do idioma ao carecer dun modelo culto de referencia, aprendido e imitado por todos; consolídanse evolucións fonéticas que afastan o galego do portugués (gheada e aparición do fonema interdental xordo); o léxico está cada vez máis ruralizado e castelanizado, debido a que a lingua quedou reducida a áreas do medio agrario-mariño; tamén os nomes propios (onomástica), tanto antropónimos como topónimos, se castelanizan. Alén disto aparece un sentimento de autodesprezo ou autoodio debido a que a imposición castelá en Galicia tamén afectou a imaxe e consederación desta.

9. Por que se asenta o papel do castelán como lingua A en Galiza durante o s. XVIII? (1 parágrafo causa-consecuencia; 3 parágrafos explicativos)

Durante o século XVIII prodúcese un retroceso do galego debido a imposición do castelán, ao reforzo da extensión social e ao nacemento dos prexuízos lingüísticos.

A imposición do castelán lévase a cabo a través da lexislación, do adoutramento nas escolas, do aparello eclesiástico tradicional, etc. Todo iso, co fin de lograr a homoxeneización cultural e lingüística dos territorios peninsulares que buscaba o Estado borbónico.

Ao reforzar a extensión social do castelán en Galicia lógrase que este chegue a un maior número de persoas e que comece a penetrar en sectores da fidalguía e das clases medias urbanas e vilegas.

O idioma convértese nun sinal de status social e cultural, e na mentalidade social nacen os prexuízos lingüísticos que, no fundamental,

se manteñen ata a actualidade. O castelán asóciase ás cidades, clases altas, educación, riqueza... e o galego ás aldeas, clases baixas, atraso...

11. Que entendemos por literatura oral popular? Que características ten? (1 parágrafo de definición; 1 parágrafo enumerativo)

É un conxunto de xéneros moi variados de arte verbal creados, difundidos e conservados polo pobo. É unha literatura de execución e transmisión oral, cantada ou contada de xeración en xeración e conservada só a través da memoria. Debido a esta característica, presenta unha gran variabilidade de formas, podendo ter un mesmo texto, múltiples versións. É literatura anónima e cunha funcionalidade concreta, moi ligada as tarefas, tempos e crenzas do pobo que a crea.

12. Por que para calquera pobo é importante a literatura oral para?

Porque é un tesouro estético e etilístico, como calquera manifestación artística popular; porque é un documento sociohistórico sobre unha forma de vida e unha cosmovisión dun pobo determinado desenvolvido a través de innumerables xeracións; porque constitúe un documento lingüístico importantísimo mostra dos usos e recursos lingüísticos de diferentes épocas; encerra a sabedoría popular dunha sociedade que construíu unha cultura e un modo de vida propios; pola autoría feminina de parte das composicións e porque inflúe en boa medida na literatura culta desde o Rexurdimento ata os nosos días.

13. Dentro da literatura popular diferénciase o cancionero popular e a narrativa oral. Por que? Que caracteriza en cada un destes grupos de composicións? (2 parágrafos de contraste)

O criterio para diferenciar estes grupos é basicamente de xénero literario. O cancionero popular está constituído por textos en verso, moitas veces acompañados de música. Son basicamente cancións e recitados que se compuñan para acompañar traballos, momentos de lecer e diversión, festas anuais (como os vilancicos de Nadal, as cancións dos Maíos, as coplas de Antroido, etc.), etapas e rituais da vida das persoas (cancións e xogos infantís, cancións de voda...). A estrofa máis usada é a copla: catro versos de arte menor con rima asonante nos pares e impares sen rima.

Fronte a isto, a etiqueta “narrativa oral” refírese a textos en prosa. Normalmente contos e lendas populares que poden ter intención didáctica ou para o entretemento (como os contos e relatos humorísticos). En moitos casos as lendas pretenden explicar a orixe e funcionamento de elementos e lugares do mundo que nos rodea.

18. Por que foi importante a guerra contra os franceses na literatura galega?

A guerra contra os franceses e as posteriores loitas entre absolutistas e liberais, produce o aumento do uso escrito do galego poñendo fin aos Séculos Escuros, xa que se quería convencer ao pobo da necesidade de loitar contra os franceses ou gañalos para a causa liberal. Para este labor, marcadamente ideolóxico, era mellor usar a mesma lingua que as persoas a quen se buscaba convencer. Así, pretenden imitar a fala popular con un carácter marcadamente utilitario: tratan de chamar a xente do pobo a loita contra os franceses ou tratan a actualidade política do momento. Por exemplo: "Proezas de Galiza", "Os rogos dun galego" ou diálogos e tertulias.

20. Que tipo de literatura provocan as loitas entre absolutistas e liberais? Cal era o seu obxectivo?

É unha literatura de tipo argumentativo, con marcado carácter propagandístico. A súa intención era dar a coñecer ás clases máis baixas os postulados de absolutistas e liberais para convencelos da maior conveniencia de apoiar unha ou outra ideoloxía. Case todas as que se conservan son anónimas, e apoian o bando liberal. Están escritos en forma de diálogos e faladoiros, que reproducían supostas conversas sobre a actualidade entre personaxes de procedencia labrega.

21. Que teñen en común e de diferente o Provincialismo e o Rexionalismo?

Os dous movementos reivindican o diferente e particular de Galicia fronte a outros pobos e territorios da Península. O Provincialismo é anterior (1840-1864) e xorde como protesta a separación de Galicia en catro provincias durante o reinado de Fernando VII. Defende postulados liberais e antiabsolutistas, protesta contra a marxinalización e salienta o carácter diferencial do pobo galego, con base na súa historia e na súa cultura. Este movemento ve o seu fin en 1846 cando moitos dos seus dirixentes foron fusilados en Carral (mártires de Carral) despois do levantamento fallido de Solís.

O Rexionalismo é un movemento posterior (tómase como data de fundación a publicación en 1886 da obra de Manuel Murguía, Os precursores) que considera Galicia como unha rexión diferenciada dentro do Estado Español. Os rexionalistas (aínda que con diferentes enfoques ideolóxicos, hainos liberais, conservadores e federalistas) eran partidarios da descentralización, isto é, o reparto de competencias entre o Estado e a Rexión.

22. Cales foron os principais axentes castelanizadores do s. XIX?

Os principais axentes castelanizadores foron os medios de comunicación escritos (prensa), o incremento do número de escolas de educación primaria, o reforzo do aparello administrativo estatal, a presenza dunha incipiente burguesía castelá e catalá nas cidades (comerciantes, armadores, empresarios) alén do influxo da emigración transoceánica a países de fala hispana.

23. Que fenómenos contrapostos comeza a experimentar o galego no s. XIX? Cres que continúa na actualidade?

En Galicia comeza a diminuír a poboación que usa única ou maioritariamente o galego e seguen vixentes a maioría dos prexuízos asociados á lingua; aínda que, pola contra, recupera a categoría de lingua literaria (utilizada por Rosalía, Curros, etc...) . Así os movementos contrarios son que, por unha banda, provocase unha descualificación, marxinación e desprezo da lingua (que a leva a perder falantes nas funcións individual, familiar e local onde fora predominante) pero, por outro lado, tamén recibe atención das elites culturais e resulta reivindicada e prestixiada (gañando funcións culturais e institucionais que non tivera desde a Idade Media).

[Eu creo que isto sigue currendo na actualidade.]